

Resolución do 20 de novembro de 2014, pola que se aproba o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento (disposición adicional 6ª da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 e mais pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No marco das súas funcións, desenvolvidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu Regulamento, correspóndelle a Agader a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais de Galicia.

O artigo 56 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, establece que as axudas previstas no artigo 52, letra b), inciso i), cubrirán a prestación de servizos básicos para a economía e a poboación rural e o artigo 56 matiza que a axuda cubrirá a implantación de servizos básicos, incluídas as actividades culturais e de esparcemento, para unha poboación rural ou un conxunto de poboacións rurais e as correspondentes infraestruturas a pequena escala.

Entre as actuacións de mellora de servizos básicos para a poboación rural, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, aprobado por Decisión da Comisión C(2008) 703, do 15 de febreiro, contempla na ficha da medida 321, como unha das actuacións subvencionables as axudas a entidades públicas locais que teñan como finalidade a creación e/ou mellora das infraestruturas vinculadas a servizos básicos nas áreas rurais; en concreto contempla a mellora dos accesos, as obras de saneamento e subministro de auga corrente e todas aquelas que contribúan a mellorar a calidade de vida dos habitantes dos núcleos rurais. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Tendo en conta que estas actuacións de apoio ás zonas rurais levaranse a cabo a través subvencións, en réxime de concesión directa, aos concellos de Galicia, hai que atender ao disposto no Plan Galego de Controis FEADER, que establece que as axudas xestionadas sen mediar orde de convocatoria, precisarán da aprobación polo director xeral competente dun programa ou plan de aplicación, do que se deriven as operacións financiadas.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é unha entidade pública instrumental das sinaladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O seu director xeral ten delegada a aprobación dos procedementos de selección de actuacións con cargo aos recursos que lle sexan asignados para o desenvolvemento do medio rural, así como a súa xestión orzamentaria e a súa distribución, segundo o acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).

Dentro do obxectivo global dos plans de mellora das infraestruturas no medio rural, e nun contexto de crise económica e financeira como a actual, a Administración autonómica e as entidades que integran a administración local consideran necesario reforzar a colaboración co fin de pór en marcha actuacións que redunden na mellor prestación de servizos á poboación por parte dos concellos. Así pois, e conscientes de que o desenvolvemento rural cómpre abordalo desde unha perspectiva integral, a FEGAMP e Agader consensuaron os criterios de distribución das asignacións económicas aos concellos para desenvolver o Plan Marco de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2014-2015, que se executará por Agader a través de subvencións aos concellos en réxime de concesión directa.

O artigo 9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que as relacións entre a Administración da Comunidade Autónoma coas entidades que integran a Administración local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local. Neste sentido, a disposición adicional segunda da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, regula na disposición adicional segunda a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en servizos locais como en servizos de interese común, que poderá ter lugar mediante os convenios administrativos que se subscriban, para mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades

administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A colaboración poderá comprender, entre outros aspectos, a axuda financeira a unha das partes para o exercicio de actividades da súa competencia. Así pois, neste contexto, asináronse os oportunos convenios entre a consellería de Medio Rural e do Mar e as catro Deputacións Provinciais de Galicia, nos que se establecen as bases de colaboración financeira.

De acordo co anterior

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

1. Aprobar o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, que se xunta a esta Resolución como Anexo I.

Artigo 2. Financiamento

A dotación máxima para financiar esta convocatoria é de 25.501.962,12 € que se distribuirá do seguinte xeito:

MEDIDA	Anualidade 2014	Importe total (€)	Aplicación orzamentaria
	Anualidade 2015		
32132. Servizos básicos no rural. Infraestruturas	12.028.344,65 13.473.617,47	25.501.962,12	12-A1-712A-7600
TOTAL	25.501.962,12	25.501.962,12	

Este crédito está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da medida 321 do Eixe 3 “Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural”, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007–2013, nun 12,13% por fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) e nun 12,87% por fondos da Xunta de Galicia. Esta última achega vese apoiada polas Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Disposición adicional

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación aos concellos, ou recurso contencioso-administrativo ante o

órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada notificación aos concellos.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2014

P.D. (DOG nº 148, do 5 de agosto de 2013)



Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Anexo I

Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)

Limiar

Xustificación do apoio á mellora das infraestruturas rurais dos concellos de Galicia a través da medida 321 do PDR de Galicia.

O artigo 56 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, establece que as axudas previstas no artigo 52, letra b), inciso i), cubrirán a prestación de servizos básicos para a economía e a poboación rural e o artigo 56 matiza que a axuda cubrirá a implantación de servizos básicos, incluídas as actividades culturais e de esparcemento, para unha poboación rural ou un conxunto de poboacións rurais e as correspondentes infraestruturas a pequena escala.

Entre as actuacións de mellora de servizos básicos para a poboación rural, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, aprobado por Decisión da Comisión C(2008) 703, do 15 de febreiro, contempla na ficha da medida 321, como unha das actuacións subvencionables as axudas a entidades públicas locais que teñan como finalidade a creación e/ou mellora das infraestruturas vinculadas a servizos básicos nas áreas rurais; en concreto contempla a mellora dos accesos, as obras de saneamento e subministro de auga corrente e todas aquelas que contribúan a mellorar a calidade de vida dos habitantes dos núcleos rurais. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Nos termos previstos no Plan Galego de Controis, as actuacións directas da administración, ou as axudas xestionadas sen mediar orde de convocatoria, precisarán da aprobación dun programa ou plan marco, -que se someterá a informe de conformidade da Autoridade de Xestión-, do que se deriven as operacións financiadas.

En cumprimento da citada disposición, o presente Plan Marco constitúe o instrumento específico de planificación e xustificación das actuacións que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, (en adiante AGADER), prevé executar para apoiar o desenvolvemento das infraestruturas nas zonas rurais no marco da medida 321.

Obxectivos e alcance

Esta actuación insírese dentro do obxectivo global dos planes de mellora das infraestruturas no medio rural, que persegue que a totalidade dos concellos de Galicia se beneficien da mellora das súas infraestruturas básicas que inciden especialmente na mellora da calidade de vida da súa poboación rural, e levarase a cabo mediante axudas ás entidades públicas locais, e máis concretamente dos concellos de Galicia.

En anos anteriores, ata 2013, a través de criterios de distribución de asignacións económicas aos concellos, consensados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), foron desenvolvidos os correspondentes plans anuais de mellora das infraestruturas a través de actuacións directas da Consellería do Medio Rural e do Mar, previa sinatura de Convenios de Colaboración cos concellos e ao abeiro do disposto no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. Xa en 2013, cos mesmos criterios de distribución consensados coa FEGAMP, estes plans se abordaron ao través do eixe 3 do PDR de Galicia 2007-2013.

A situación actual de crise económica e financeira fai necesario reforzar máis se cabe a colaboración coas entidades locais en actuacións, dentro do ámbito competencial de cada administración, que redunden na mellor prestación de servizos por parte dos Concellos.

Con base en isto e no contexto da política de desenvolvemento rural, o presente Plan Marco de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal -que como se indica máis adiante ten por obxecto realizar actuacións de ampliación, mellora ou mantemento de camiños de titularidade municipal na procura de mellorar os accesos e a comunicación a través da rede viaria de titularidade municipal-, permitirá incrementar a calidade de vida das zonas rurais, contribuíndo á fixación da poboación no rural e á diversificación económica que sinala o eixe 3 do PDR, cos seguintes criterios básicos e alcance:

- Investimentos en todos os Concellos de Galicia
- Obras nas infraestruturas viarias (camiños) de titularidade municipal, entendendo por tales os camiños agrícolas e pistas rurais.

Análise coxuntural

Beneficiarios:

Todos os concellos de Galicia

Modalidade de axuda:
Concesión directa.

As subvencións reguladas neste Plan concederanse de forma directa, mediante resolución, ao abeiro do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia por concorrer razóns de interese público.

Compatibilidade:

As subvencións reguladas neste Plan Marco están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros, ...).

Coa salvidade anterior, as subvencións concedidas ao abeiro deste Plan Marco serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda do 100% do importe elixible do proxecto.

Marco normativo:

Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Regulamento (CE) n.º 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Regulamento (UE) n.º 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) (BOE núm. 1, do 1 de xaneiro de 2010).

Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, onde se establecen as atribucións e a composición da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (artigo 13).

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, aprobado pola Decisión da Comisión C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008.

Vixencia:

Este Plan Marco para a mellora de camiños de Titularidade Municipal ten unha vixencia temporal que inclúe as anualidades 2014 e 2015.

Responsables e axentes:

Agader é o órgano responsable da xestión e instrumentación das actuacións inherentes a este Plan Marco. Dentro da estrutura orgánica deste ente público, a unidade xestora responsable da implementación das actuacións será a Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, sen prexuízo da necesaria coordinación coa Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar), que prestará o asesoramento, colaboración e asistencia técnica necesaria a Agader en todo o relacionado coas especificidades técnicas propias das actuacións a desenvolver, segundo se recolle no convenio de colaboración asinado con data 30 de setembro de 2013.

Polo que respecta á execución material dos investimentos, a través de subvencións en réxime de concesión directa, que constitúen o obxecto do Plan Marco a estratexia a seguir é a de conceder a subvención máxima posible, derivada dos criterios de asignación contemplados neste Plan Marco, a cada concello para que este, respectando en todo momento os procedementos de contratación pública que corresponda en cada caso, poda contratar e levar a cabo o proxecto previsto.

Estratexia operativa

Tipoloxía de actuacións:

Dentro do Plan de actuacións previsto, AGADER incidirá nos anos 2014 e 2015 na mellora dos camiños municipais e, deste xeito, as actuacións que poderán ser incluídas ao abeiro deste Plan Marco son actuacións de ampliación, mellora ou mantemento de camiños de titularidade municipal cos seguintes criterios:

1. Ampliación: as que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora de seguridade vial, permita o cruce de vehículos ou sobreanchos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos. Tamén poderán incluír obras de incremento de lonxitude sempre e cando esta ampliación supoña rematar nunha estrada, outro camiño ou edificación ou parcela de uso público.

2. Mellora: as que supoñan un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan. Terán tamén esta consideración as obras de mellora do drenaxe, da seguridade vial, reforzo de noiros (con muros ou outras estruturas de contención), adecuación de obras de paso de cauces e reforzo de cunetas así como a integración ambiental ou a mellora da sinalización.

3. Mantemento: tanto do firme existente (escarificacións e compactacións, arranxo de fochas, tratamentos superficiais etc) como das marxes do mesmo (limpeza e perfilado de noiros e cunetas), reforzos dos terrapléns. Non se subvencionarán actuacións consistentes só en arranxo de fochas.

Aos efectos deste Plan Marco, se entende por camiños municipais os camiños agrícolas e pistas rurais que unen núcleos de poboación entre sí ou con explotacións agrogandeiras, quedando excluídas a mellora de rúas e vías interiores dentro de núcleos de poboacións superiores a 500 habitantes. Estes camiños deberán ser de titularidade municipal de xeito indubitable. De non poderse demostrar clara e fidedignamente esta titularidade, quedarán excluídos.

Non serán elixibles:

1. O Imposto do Valor Engadido (IVE).
2. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.
3. Os gastos de redacción de proxecto, nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
4. Os gastos de dirección de obra, de coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
5. Gastos por taxas ou licencias necesarias.
6. Con carácter xeral, os gastos de obra das actuacións que non fosen aprobadas por Agader.

Requisitos e regras xerais:

Todas as actuacións deberán cumprir os requisitos seguintes:

1. Que non estean iniciadas na data de presentación da solicitude da axuda. Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto antes da resolución de concesión da subvención sempre que acrediten que non está iniciado na data de solicitude da axuda, ben cunha acta notarial que reflecta fidedignamente o non inicio da obra, ou ben cunha acta de non inicio levantada por Agader por petición do interesado.

2. Que se desenvolvan no territorio de Galicia exceptuando as zonas incluídas nos perímetros urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

3. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados. En ningún caso se admitirán fases de proxectos.

4. Que sexan viables financeiramente.

5. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

6. Que se axusten ás especificacións indicadas para o tipo de proxecto contemplado no Plan Marco.

7. Que o promotor do proxecto non teña sido sancionado pola Consellería do Medio Rural e do Mar pola comisión de infraccións en materia de subvencións no prazo de un ano se a infracción foi cualificada como leve, de dous anos se a infracción foi cualificada como grave ou tres anos se a infracción foi cualificada como moi grave. Os prazos computaranse desde a data de remate de presentación das solicitudes.

8. As actuacións previstas no Plan Marco 2013-2014 e no Plan Marco 2014-2015 son excluíntes entre si, polo que no presente Plan non se subvencionará ningún proxecto ou actuación que incida sobre proxectos ou actuacións que figuren subvencionados no Plan Marco 2013-2014.

9. Por obrigas de procedemento do Plan Marco, non se aceptará a inclusión de novas actuacións unha vez realizado o informe de control de elixibilidade das actuacións propostas inicialmente.

Aqueles beneficiarios da axuda que en 30 de xuño de 2015 non tiveren renunciado expresamente a ela e non executasen nin xustificasen o proxecto, sen causa debidamente xustificada e comunicada a Agader, quedarán excluídos das dúas seguintes convocatorias para proxectos dinamizadores nas cales poidan ser beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e desenvolvido no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Procedemento de execución:

A execución das actuacións amparadas no presente plan marco axustaranse ao seguinte esquema de procedemento:

1. A Dirección Xeral de Agader remitirá a todos os concellos de Galicia a resolución pola que se aproba o Plan Marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, no que se dispón as cantidades máximas que se dispoñen para cada un dos concellos, o prazo e o lugar para presentar a documentación necesaria para poderse acoller ao Plan de Mellora de Camiños.

2. Os Concellos beneficiarios terán que remitir a Agader (Lugar da Barcia, 56. Laraño. 15897 Santiago de Compostela), no prazo de quince (15) días naturais, contados desde a o día seguinte

á notificación da resolución de aprobación do Plan Marco, as actuacións a incluír dentro do Plan de Mellora de Camiños. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Estas solicitudes, segundo o modelo que se anexa e que poderá descargarse na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>, virán acompañadas da seguinte documentación:

2.1. Un único anteproxecto, en formato papel e unha copia en CD onde se recolla para cada actuación:

2.1.1 Identificación do seu obxecto e xustificación da necesidade.

2.1.2. Planos de localización e de detalle necesarios.

2.1.3. Xustificación dos prezos das unidades de obra

2.1.4. Medicións e orzamento (excluído IVE)

A suma dos orzamentos (excluído IVE) de todas as actuacións non poderá superar o orzamento máximo asignado para o Concello.

As unidades de obra utilizadas nos anteproxectos terán que axustarse na súa totalidade á estrutura de descomposición das tarifas SEAGA vixentes, que estarán publicadas no enlace http://www.mediouralemar.xunta.es/areas/infraestructuras/tarifas_seaga/. Non se admitirán unidades de obra que non se axusten a estes criterios. Así mesmo, o prezo máximo das unidades de obra non poderá superar o das citadas tarifas.

Non se admitirán partidas a tanto alzado.

2.2. Certificación do secretario municipal da designación legal do representante da entidade solicitante.

2.3. Certificado do acordo da entidade polo que se aproba a participación no presente Plan Marco.

2.4. Certificado do secretario/interventor do concello mediante o que se acredite suficientemente a titularidade municipal dos camiños e a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras.

2.5. De se lo caso, certificado do secretario/interventor municipal mediante o que se acredite que o/s núcleo/s de poboación/s non ten/teñen máis de 500 habitantes.

2.6. Certificación do secretario/interventor municipal de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas (Decreto 193/2011; DOG nº 201, do 20 de outubro). Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a data de remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á emisión do certificado.

3. Análise da documentación enviada polo Concello por parte dos técnicos de Agader ou da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar).

4. Realización da Acta de Non Inicio pola Agader ou por técnicos da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar), onde se reflicta o non inicio da obra.

5. Resolución da aprobación por parte da Dirección Xeral de Agader da/s actuación/s a levar a cabo e concesión da subvención.

O prazo para ditar resolución será de dous meses a contar desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo para presentación de solicitudes. O interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o prazo anterior sen que se tiña notificado a resolución expresa.

6. Contra a resolución de concesión os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición diante do Consello de Dirección de Agader, nos termos previstos nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

7. No prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, o promotor deberá achegar unha copia en CD do Proxecto definitivo de obra.

8. Licitación e execución por parte do Concello dun único proxecto de obra que inclúa todas as actuacións aprobadas, cumprindo co establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

9. Prazos de execución e xustificación dos investimentos

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto no punto 10 seguinte.

O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 30 de xuño de 2015.

Na resolución de concesión da axuda se recollerá de forma expresa a distribución da mesma por anualidades.

10. Xustificación dos investimentos.

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo cos seguintes puntos:

10.1. Certificación de fin de obra asinada polo técnico competente director da obra, tanto en formato papel como en CD.

10.2. Xustificación documental a través das oportunas facturas orixinais e xustificantes bancarios do pagamento.

10.3. Presentación dos correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras e, en especial, a relativa a protección do medio ambiente en zonas de Rede Natura 2000.

10.4 Declaración doutras axudas solicitadas/concedidas para o mesmo proxecto segundo o modelo normalizado que poderá descargar na páxina web de Agader

10.5 Certificación ou informe do secretario/interventor do Concello acreditando que se respectaron os procedementos de contratación pública conforme ao establecido no RD 3/2011

do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público así como a dispoñibilidade do expediente no Concello para a súa comprobación.

10.6 Aprobación das obras nos termos previstos no artigo 198.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

10.7 Declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

11. Visita in situ para comprobar o remate da obra obxecto da solicitude de pagamento. Os gastos xustificadas deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención e coa certificación de fin de obra achegada.

12. Pagamento das axudas logo da tramitación correspondente.

Poderán concederse pagamentos a conta e pagamentos anticipados de conformidade co disposto no artigo 31.6 da LSG, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009 e no artigo 56 do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, de 15 de decembro (*..... O importe do anticipo non poderá superar o 50% da axuda pública vinculada á inversión*).

De acordo co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009 as administracións públicas locais están exoneradas da constitución de garantías bancarias previas; non obstante, os pagamentos anticipados aos que se refire o parágrafo anterior supeditaranse á constitución dunha garantía escrita da súa autoridade competente (artigo 56.2 do Regulamento (CE) 1974/2006), a cal deberá acadar o 110% do importe anticipado; dita garantía recollerá de xeito expreso o compromiso de aboar o importe cuberto pola garantía no caso de que non se estableza o dereito ao importe anticipado.

A garantía a que se refire o parágrafo anterior terá validez ata que a Agader autorice a súa cancelación, unha vez que o promotor acredite a realización e pagamento dos investimentos e o cumprimento dos obxectivos e condicións estipulados na resolución de concesión da axuda.

Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a exixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. Estes xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución (Regulamento (UE) nº 937/2012 da Comisión, do 12 de outubro de 2012). O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Moderación de custos

En aplicación do disposto no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 24.2.d do Regulamento (UE) 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, o órgano instrutor poderá comprobar en calquera momento, e particularmente nas fases de instrución e de xustificación, a moderación dos custos ou valor de mercado dos gastos subvencionables e xustificadas mediante a comparación de ofertas comerciais ou de custos de

proxectos similares, prezos coñecidos de mercado ou por calquera dos medios previstos no artigo 30.5 da LSG.

Naqueles supostos nos que os concellos por razón da contía, e tendo en conta o disposto na normativa pública de contratación, non estean obrigados a acudir a algún dos procedementos previstos no artigo 138.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberán solicitar e presentar tres ofertas das obras a levar a cabo.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, e non se admitirá o certificado, informe, invitacións realizadas ou documento similar indicando que se solicitaron e se tiveron en conta tales ofertas na elección da proposta escollida sen que se concrete o seu alcance.

Non obstante o arriba referido, os concellos non deberán presentar tres ofertas cando estean obrigados a tramitar un procedemento de contratación pública dos previstos no artigo 138.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, séndolles de aplicación o previsto no punto 10.5 do Procedemento de execución do presente Plan Marco no momento da xustificación final.

Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular, as establecidas na resolución de concesión e neste Plan Marco:

O concello asume todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo Concello.

As obras incluídas neste Plan Marco deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos que, en todo caso, será o compromiso de explotación, mantemento e conservación por parte do concello beneficiario da axuda.

Igualmente, os concellos asumen o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72.1 do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.

Os beneficiarios, en cumprimento das obrigas de información e publicidade reguladas no artigo 76 do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, de 20 de setembro de 2005, deben publicitar a concesión da axuda mediante un panel de obra de 2,5 m x 1,4 m. Este cartel non se poderá retirar ata, cando menos, teña lugar a visita de control de fin de obra.

O 25% do espazo, como mínimo, do panel estará ocupado pola descrición do proxecto, o logotipo do Feader e o lema «Feader: Europa inviste no rural». Todas as actividades informativas e publicitarias incorporarán o logotipo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER), xunto co do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o da Xunta de Galicia e o lema anterior.

Agader facilitará modelos aos beneficiarios ao través da súa páxina web.

O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira a Agader e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

Os beneficiarios deben someterse aos controis previstos na normativa comunitaria propia do Feader e recollidos no Regulamento (UE) 65/2011, de controis, consistentes polo menos en controis administrativos, controis sobre o terreo e controis a posteriori.

Os beneficiarios estarán obrigados a levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado (artigo 75.1.c.i do Regulamento (CE) 1698/2005).

Criterios de selección

Utilizaranse os seguintes criterios para a distribución dos fondos:

Considéranse a totalidade dos concellos de Galicia

A asignación total do Plan é de	25.501.962,12 €
Este orzamento distribúese do seguinte xeito:	
Asignación fixa por concello	24.950 €
Asignación por habitante (*)	17 €
(*) Habitantes: máximo por concello	37.600 €
(*) Habitantes: mínimo por concello	22.500 €
Asignación por entidade de poboación	195 €
Asignación máxima concellos > 150.000 habitantes (A Coruña e Vigo)	37.800 €

Esta asignación corríxirase cos seguintes coeficientes:

Superficie do concello, $S < 50 \text{ km}^2$	Decreemento 10%
Superficie do concello, $50 < S < 100 \text{ km}^2$	Sen variación
Superficie do concello, $100 < S < 200 \text{ km}^2$	Incremento 10%
Superficie do concello, $S > 200 \text{ km}^2$	Incremento 20%
Agrariedade, $A < 90\%$	Decreemento 10%
Agrariedade, $90\% < A < 110\%$	Sen variación
Agrariedade, $A > 110\%$	Incremento 10%
Grado de despoboamento > 25%	Incremento 10%
Grado de envellecemento > 50%	Incremento 10%

Consideracións:

En concellos urbanos (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) considérase poboación rural a que reside en núcleos de menos de 1.000 habitantes.

Nestes concellos urbanos, considéranse entidades de poboación as de menos de 1.000 habitantes.

O coeficiente de Agrariedade calcúlase do seguinte xeito:

$$A = 0,14S + 0,65 Ex + 0,60Eb + 0,10 Rea + 0,05M$$

S = % superficie total explotacións/superficie total concello

Ex = % explotacións con SAU/poboación rural

Eb = % explotacións bovino/poboación rural

Rea = traballadores afiliados Rea/poboación rural

M = Maquinaria en propiedade/Poboación rural

Despoboamento: Evolución demográfica. Prímase aos concellos con demografía negativa: (habitantes 2012-habitantes 2009)/habitantes 2009

Envellecemento: distribución en función do % de maiores de 65 anos. Prímase aos máis envellecidos.

Núcleos de poboación: Conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que habita as mesmas supere os 50 habitantes. Inclúense no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto, se ben na determinación de esta distancia excluíranse os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns, zonas deportivas, cemiterios, aparcamentos e outros, así como as canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes (Definición IGE).

Entidades de poboación: Calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen na mesma vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o conxunto das mesmas coñécese por unha denominación (Definición IGE).

Datos utilizados:

- Núcleos de Poboación: IGE 2011
- Entidades de Poboación: IGE 2011

- Superficie do Concellos: IGE 2011
- Poboación total concellos: IGE 2012
- Poboación Rural: Estimado (mesmos coeficientes reparto PEIM 2009-2012)
- Superficie total das explotacións agrícolas segundo aproveitamento: IGE 2009 (último dato)
- Explotacións agrícolas con terras: IGE 2009 (último dato).
- Explotacións agrícolas con SAU: IGE 2009 (último dato).
- Explotacións de bovino: IGE 2011
- REA traballadores conta propia: INSS 2003 (último dato)
- Maquinaria propiedade exclusiva da explotación agrícola: INE 1999 (último dato)
- Despoboamento: IGE 2009 e 2012
- Envellecemento: IGE 2011

Todos estes datos foron utilizados para a distribución de fondos do PEIM 2009-2012 e para o Plan Marco 2013-2014. Para o presente Plan Marco só foron actualizados.

No seguinte cadro figura a listaxe de concellos beneficiados coas correspondentes asignacións de acordo cos criterios de distribución anteriores:

PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS 2014 2015			RESULTADO ASIGNACIÓN SEN IVE		
			Total	Anualidade 2014	Anualidade 2015
Nº	Código	Concello	25.501.962 €	12.028.345 €	13.473.616 €
1	15001	Abegondo	97.119 €	45.807 €	51.312 €
2	15002	Ames	76.828 €	36.237 €	40.591 €
3	15003	Aranga	105.844 €	49.923 €	55.921 €
4	15004	Ares	56.826 €	26.803 €	30.023 €
5	15005	Arteixo	77.530 €	36.568 €	40.962 €
6	15006	Arzúa	133.729 €	63.075 €	70.654 €
7	15007	Baña, A	90.899 €	42.874 €	48.025 €
8	15008	Bergondo	62.670 €	29.559 €	33.111 €
9	15009	Betanzos	57.140 €	26.952 €	30.188 €
10	15010	Boimorto	93.253 €	43.984 €	49.269 €
11	15011	Boiro	76.478 €	36.072 €	40.406 €
12	15012	Boqueixón	91.756 €	43.278 €	48.478 €
13	15013	Brión	91.542 €	43.177 €	48.365 €
14	15014	Cabana de Bergantiños	109.898 €	51.835 €	58.063 €
15	15015	Cabanas	59.669 €	28.144 €	31.525 €
16	15016	Camariñas	60.857 €	28.704 €	32.153 €
17	15017	Cambre	69.461 €	32.762 €	36.699 €
18	15018	Capela, A	73.339 €	34.591 €	38.748 €
19	15019	Carballo	151.190 €	71.311 €	79.879 €
21	15020	Carnota	65.246 €	30.774 €	34.472 €
22	15021	Carral	70.409 €	33.209 €	37.200 €
23	15022	Cedeira	93.945 €	44.310 €	49.635 €

24	15023	Cee	64.894 €	30.608 €	34.286 €
25	15024	Cerceda	86.775 €	40.929 €	45.846 €
26	15025	Cerdido	72.143 €	34.027 €	38.116 €
28	15027	Coirós	49.410 €	23.305 €	26.105 €
29	15028	Corcubión	45.151 €	21.296 €	23.855 €
30	15029	Coristanco	108.953 €	51.389 €	57.564 €
31	15030	Coruña, A	57.931 €	27.324 €	30.607 €
32	15031	Culleredo	66.649 €	31.436 €	35.213 €
33	15032	Curtis	109.190 €	51.501 €	57.689 €
34	15033	Dodro	54.772 €	25.834 €	28.938 €
35	15034	Dumbría	92.674 €	43.711 €	48.963 €
36	15035	Fene	72.620 €	34.252 €	38.368 €
37	15036	Ferrol	66.649 €	31.436 €	35.213 €
38	15037	Fisterra	54.456 €	25.685 €	28.771 €
39	15038	Frades	85.321 €	40.243 €	45.078 €
40	15039	Irixoa	80.871 €	38.144 €	42.727 €
42	15040	Laxe	69.453 €	32.758 €	36.695 €
41	15041	Laracha, A	134.201 €	63.298 €	70.903 €
43	15042	Lousame	84.893 €	40.041 €	44.852 €
44	15043	Malpica	74.640 €	35.205 €	39.435 €
45	15044	Mañón	78.066 €	36.821 €	41.245 €
46	15045	Mazaricos	98.337 €	46.382 €	51.955 €
47	15046	Melide	120.280 €	56.732 €	63.548 €
48	15047	Mesía	112.494 €	53.059 €	59.435 €
49	15048	Miño	59.353 €	27.995 €	31.358 €
50	15049	Moeche	72.073 €	33.994 €	38.079 €
51	15050	Monfero	119.049 €	56.151 €	62.898 €
52	15051	Mugardos	53.035 €	25.015 €	28.020 €
54	15052	Muxía	99.751 €	47.049 €	52.702 €
53	15053	Muros	67.176 €	31.684 €	35.492 €
55	15054	Narón	82.971 €	39.134 €	43.837 €
56	15055	Neda	64.565 €	30.453 €	34.112 €
57	15056	Negreira	96.685 €	45.603 €	51.082 €
58	15057	Noia	67.408 €	31.794 €	35.614 €
59	15058	Oleiros	63.458 €	29.931 €	33.527 €
60	15059	Ordes	128.774 €	60.738 €	68.036 €
61	15060	Oroso	77.600 €	36.601 €	40.999 €
62	15061	Ortigueira	165.190 €	77.914 €	87.276 €
63	15062	Outes	92.385 €	43.575 €	48.810 €
64	15063	Oza dos Ríos-Cesuras	201.898 €	95.228 €	106.670 €
65	15064	Paderne	66.825 €	31.519 €	35.306 €
66	15065	Padrón	62.512 €	29.485 €	33.027 €
67	15066	Pino, O	95.032 €	44.823 €	50.209 €

68	15067	Pobra do Caramiñal, A	66.618 €	31.421 €	35.197 €
69	15068	Ponteceso	76.785 €	36.217 €	40.568 €
70	15069	Pontedeume	62.828 €	29.634 €	33.194 €
71	15070	Pontes de García Rodríguez, As	120.204 €	56.696 €	63.508 €
72	15071	Porto do Son	81.918 €	38.638 €	43.280 €
73	15072	Rianxo	72.266 €	34.085 €	38.181 €
74	15073	Ribeira	70.862 €	33.423 €	37.439 €
75	15074	Rois	92.615 €	43.683 €	48.932 €
76	15075	Sada	61.406 €	28.963 €	32.443 €
77	15076	San Sadurniño	108.917 €	51.372 €	57.545 €
78	15077	Santa Comba	117.315 €	55.333 €	61.982 €
79	15078	Santiago de Compostela	117.887 €	55.603 €	62.284 €
80	15079	Santiso	83.265 €	39.273 €	43.992 €
81	15080	Sobrado	110.079 €	51.920 €	58.159 €
82	15081	Somozas, As	84.370 €	39.794 €	44.576 €
83	15082	Teo	82.269 €	38.803 €	43.466 €
84	15083	Toques	71.500 €	33.724 €	37.776 €
85	15084	Tordoia	90.785 €	42.820 €	47.965 €
86	15085	Touro	108.482 €	51.167 €	57.315 €
87	15086	Trazo	103.763 €	48.941 €	54.822 €
89	15087	Valdoviño	92.448 €	43.604 €	48.844 €
88	15088	Val do Dubra	99.045 €	46.716 €	52.329 €
90	15089	Vedra	88.095 €	41.551 €	46.544 €
92	15090	Vilasantar	90.636 €	42.750 €	47.886 €
91	15091	Vilarmador	65.122 €	30.716 €	34.406 €
93	15092	Vimianzo	100.932 €	47.606 €	53.326 €
94	15093	Zas	98.808 €	46.604 €	52.204 €
20	15901	Carriño	62.354 €	29.410 €	32.944 €
95	27001	Abadín	122.168 €	57.622 €	64.546 €
96	27002	Alfoz	97.832 €	46.144 €	51.688 €
97	27003	Antas de Ulla	100.460 €	47.383 €	53.077 €
98	27004	Baleira	88.053 €	41.531 €	46.522 €
100	27005	Barreiros	88.539 €	41.761 €	46.778 €
101	27006	Becerreá	102.819 €	48.496 €	54.323 €
102	27007	Begonte	99.988 €	47.161 €	52.827 €
103	27008	Bóveda	69.386 €	32.727 €	36.659 €
105	27009	Carballedo	121.224 €	57.177 €	64.047 €
106	27010	Castro de Rei	134.673 €	63.520 €	71.153 €
107	27011	Castroverde	103.292 €	48.719 €	54.573 €
108	27012	Cervantes	104.202 €	49.148 €	55.054 €
109	27013	Cervo	67.703 €	31.933 €	35.770 €
111	27014	Corgo, O	116.977 €	55.174 €	61.803 €
112	27015	Cospeito	124.999 €	58.957 €	66.042 €

110	27016	Chantada	141.751 €	66.859 €	74.892 €
113	27017	Folgoso do Courel	68.504 €	32.311 €	36.193 €
114	27018	Fonsagrada, A	154.123 €	72.694 €	81.429 €
115	27019	Foz	73.508 €	34.671 €	38.837 €
116	27020	Friol	160.816 €	75.851 €	84.965 €
160	27021	Xermade	120.597 €	56.881 €	63.716 €
117	27022	Guitiriz	162.360 €	76.579 €	85.781 €
118	27023	Guntín	111.314 €	52.503 €	58.811 €
119	27024	Incio, O	98.252 €	46.342 €	51.910 €
161	27025	Xove	78.149 €	36.860 €	41.289 €
120	27026	Láncara	111.314 €	52.503 €	58.811 €
121	27027	Lourenzá	87.895 €	41.457 €	46.438 €
122	27028	Lugo	164.934 €	77.793 €	87.141 €
123	27029	Meira	62.103 €	29.292 €	32.811 €
124	27030	Mondoñedo	99.988 €	47.161 €	52.827 €
125	27031	Monforte de Lemos	130.426 €	61.517 €	68.909 €
126	27032	Monterroso	102.819 €	48.496 €	54.323 €
127	27033	Muras	102.009 €	48.114 €	53.895 €
128	27034	Navia de Suarna	89.191 €	42.068 €	47.123 €
129	27035	Negueira de Muñiz	58.845 €	27.755 €	31.090 €
130	27037	Nogais, As	70.156 €	33.090 €	37.066 €
131	27038	Ouro	111.446 €	52.565 €	58.881 €
132	27039	Outeiro de Rei	114.853 €	54.172 €	60.681 €
133	27040	Palas de Rei	145.998 €	68.862 €	77.136 €
134	27041	Pantón	123.347 €	58.178 €	65.169 €
135	27042	Paradela	105.380 €	49.704 €	55.676 €
136	27043	Páramo, O	77.759 €	36.676 €	41.083 €
137	27044	Pastoriza, A	117.213 €	55.285 €	61.928 €
138	27045	Pedrafita do Cebreiro	69.920 €	32.979 €	36.941 €
140	27046	Pol	93.283 €	43.998 €	49.285 €
139	27047	Pobra do Brollón, A	91.434 €	43.126 €	48.308 €
141	27048	Pontenova, A	91.494 €	43.154 €	48.340 €
142	27049	Portomarín	88.784 €	41.876 €	46.908 €
143	27050	Quiroga	92.615 €	43.683 €	48.932 €
145	27051	Ribadeo	107.539 €	50.722 €	56.817 €
146	27052	Ribas de Sil	50.603 €	23.868 €	26.735 €
147	27053	Ribeira de Piquín	60.346 €	28.463 €	31.883 €
148	27054	Riotorto	82.380 €	38.856 €	43.524 €
149	27055	Samos	88.387 €	41.689 €	46.698 €
144	27056	Rábade	43.418 €	20.479 €	22.939 €
150	27057	Sarria	137.740 €	64.967 €	72.773 €
151	27058	Saviñao, O	137.504 €	64.856 €	72.648 €
152	27059	Sober	124.527 €	58.735 €	65.792 €

153	27060	Taboada	119.100 €	56.175 €	62.925 €
154	27061	Trabada	78.364 €	36.961 €	41.403 €
155	27062	Triacastela	58.416 €	27.553 €	30.863 €
156	27063	Valadouro, O	116.803 €	55.092 €	61.711 €
157	27064	Vicedo, O	79.980 €	37.724 €	42.256 €
158	27065	Vilalba	204.059 €	96.247 €	107.812 €
159	27066	Viveiro	109.222 €	51.516 €	57.706 €
99	27901	Baralla	99.281 €	46.827 €	52.454 €
104	27902	Burela	50.823 €	23.971 €	26.852 €
162	32001	Allariz	78.527 €	37.038 €	41.489 €
163	32002	Amoeiro	56.036 €	26.430 €	29.606 €
164	32003	Arnoia, A	41.593 €	19.618 €	21.975 €
165	32004	Avión	68.874 €	32.485 €	36.389 €
166	32005	Baltar	55.412 €	26.136 €	29.276 €
167	32006	Bande	74.141 €	34.970 €	39.171 €
168	32007	Baños de Molgas	70.700 €	33.347 €	37.353 €
169	32008	Barbadás	54.614 €	25.759 €	28.855 €
170	32009	Barco de Valdeorras, O	62.087 €	29.284 €	32.803 €
171	32010	Beade	47.362 €	22.339 €	25.023 €
172	32011	Beariz	45.864 €	21.632 €	24.232 €
173	32012	Blancos, Os	50.837 €	23.978 €	26.859 €
174	32013	Boborás	76.395 €	36.033 €	40.362 €
175	32014	Bola, A	56.305 €	26.557 €	29.748 €
176	32015	Bolo, O	58.201 €	27.451 €	30.750 €
177	32016	Calvos de Randín	56.056 €	26.440 €	29.616 €
179	32017	Carballeda de Valdeorras	63.921 €	30.149 €	33.772 €
178	32018	Carballeda de Avia	44.002 €	20.754 €	23.248 €
180	32019	Carballiño, O	71.915 €	33.920 €	37.995 €
181	32020	Cartelle	64.895 €	30.609 €	34.286 €
183	32021	Castrelo do Val	61.190 €	28.861 €	32.329 €
182	32022	Castrelo de Miño	62.521 €	29.489 €	33.032 €
184	32023	Castro Caldelas	75.611 €	35.663 €	39.948 €
185	32024	Celanova	79.637 €	37.562 €	42.075 €
186	32025	Cenlle	47.082 €	22.207 €	24.875 €
188	32026	Coles	63.302 €	29.857 €	33.445 €
189	32027	Cortegada	44.910 €	21.182 €	23.728 €
190	32028	Cualedro	74.485 €	35.132 €	39.353 €
187	32029	Chandrexa de Queixa	65.673 €	30.976 €	34.697 €
191	32030	Entrimo	46.545 €	21.954 €	24.591 €
192	32031	Esgos	44.437 €	20.959 €	23.478 €
251	32032	Xinzo de Limia	83.708 €	39.482 €	44.226 €
193	32033	Gomesende	49.175 €	23.194 €	25.981 €
194	32034	Gudiña, A	53.135 €	25.062 €	28.073 €

195	32035	Irixo, O	89.471 €	42.200 €	47.271 €
252	32036	Xunqueira de Ambía	66.647 €	31.435 €	35.212 €
253	32037	Xunqueira de Espadanedo	46.215 €	21.798 €	24.417 €
196	32038	Larouco	47.941 €	22.612 €	25.329 €
197	32039	Laza	60.083 €	28.339 €	31.744 €
198	32040	Leiro	50.330 €	23.739 €	26.591 €
199	32041	Lobeira	63.549 €	29.974 €	33.575 €
200	32042	Lobios	69.414 €	32.740 €	36.674 €
201	32043	Maceda	89.371 €	42.153 €	47.218 €
202	32044	Manzaneda	64.729 €	30.530 €	34.199 €
203	32045	Maside	61.564 €	29.037 €	32.527 €
204	32046	Melón	49.471 €	23.334 €	26.137 €
205	32047	Merca, A	63.967 €	30.171 €	33.796 €
206	32048	Mezquita, A	59.774 €	28.193 €	31.581 €
207	32049	Montederramo	77.234 €	36.428 €	40.806 €
208	32050	Monterrei	72.452 €	34.173 €	38.279 €
209	32051	Muíños	74.570 €	35.172 €	39.398 €
210	32052	Nogueira de Ramuín	68.756 €	32.430 €	36.326 €
211	32053	Oímbra	55.934 €	26.382 €	29.552 €
212	32054	Ourense	74.547 €	35.161 €	39.386 €
213	32055	Paderne de Allariz	54.259 €	25.592 €	28.667 €
214	32056	Padrenda	62.613 €	29.532 €	33.081 €
215	32057	Parada de Sil	61.633 €	29.070 €	32.563 €
216	32058	Pereiro de Aguiar	67.703 €	31.933 €	35.770 €
217	32059	Peroxa, A	93.247 €	43.981 €	49.266 €
218	32060	Petín	40.488 €	19.097 €	21.391 €
219	32061	Piñor	64.851 €	30.588 €	34.263 €
222	32062	Porqueira	52.767 €	24.888 €	27.879 €
220	32063	Pobra de Trives, A	73.310 €	34.578 €	38.732 €
221	32064	Pontedeiva	39.856 €	18.799 €	21.057 €
223	32065	Punxín	43.173 €	20.363 €	22.810 €
224	32066	Quintela de Leirado	43.173 €	20.363 €	22.810 €
225	32067	Rairiz de Veiga	73.061 €	34.460 €	38.601 €
226	32068	Ramirás	59.376 €	28.005 €	31.371 €
227	32069	Ribadavia	53.193 €	25.089 €	28.104 €
234	32070	San Xoán de Río	71.336 €	33.647 €	37.689 €
228	32071	Riós	75.535 €	35.627 €	39.908 €
229	32072	Rúa, A	51.297 €	24.195 €	27.102 €
230	32073	Rubiá	66.464 €	31.349 €	35.115 €
231	32074	San Amaro	60.489 €	28.530 €	31.959 €
232	32075	San Cibrao das Viñas	57.141 €	26.951 €	30.190 €
233	32076	San Cristovo de Cea	87.252 €	41.154 €	46.098 €
235	32077	Sandiás	56.401 €	26.602 €	29.799 €

236	32078	Sarreaus	58.494 €	27.589 €	30.905 €
237	32079	Taboadela	49.296 €	23.251 €	26.045 €
238	32080	Teixeira, A	56.982 €	26.876 €	30.106 €
239	32081	Toén	60.683 €	28.622 €	32.061 €
240	32082	Trasmiras	60.421 €	28.498 €	31.923 €
241	32083	Veiga, A	63.960 €	30.168 €	33.792 €
242	32084	Verea	60.775 €	28.665 €	32.110 €
243	32085	Verín	59.454 €	28.042 €	31.412 €
244	32086	Viana do Bolo	95.951 €	45.257 €	50.694 €
245	32087	Vilamarín	75.013 €	35.381 €	39.632 €
246	32088	Vilamartín de Valdeorras	55.504 €	26.179 €	29.325 €
247	32089	Vilar de Barrio	66.537 €	31.383 €	35.154 €
248	32090	Vilar de Santos	54.221 €	25.574 €	28.647 €
249	32091	Vilardevós	80.867 €	38.142 €	42.725 €
250	32092	Vilariño de Conso	67.010 €	31.606 €	35.404 €
255	36001	Arbo	72.463 €	34.178 €	38.285 €
257	36002	Barro	56.510 €	26.654 €	29.856 €
256	36003	Baiona	57.931 €	27.324 €	30.607 €
258	36004	Bueu	79.584 €	37.537 €	42.047 €
259	36005	Caldas de Reis	69.107 €	32.595 €	36.512 €
260	36006	Cambados	59.511 €	28.069 €	31.442 €
261	36007	Campo Lameiro	59.160 €	27.904 €	31.256 €
262	36008	Cangas	87.309 €	41.180 €	46.129 €
263	36009	Cañiza, A	125.219 €	59.061 €	66.158 €
264	36010	Catoira	55.246 €	26.058 €	29.188 €
265	36011	Cerdedo	61.071 €	28.805 €	32.266 €
266	36012	Cotobade	87.600 €	41.318 €	46.282 €
267	36013	Covelo	98.337 €	46.382 €	51.955 €
268	36014	Crecente	79.637 €	37.562 €	42.075 €
269	36015	Cuntis	84.893 €	40.041 €	44.852 €
270	36016	Dozón	70.484 €	33.245 €	37.239 €
271	36017	Estrada, A	200.455 €	94.547 €	105.908 €
272	36018	Forcarei	100.460 €	47.383 €	53.077 €
273	36019	Fornelos de Montes	55.829 €	26.332 €	29.497 €
254	36020	Agolada	108.483 €	51.167 €	57.316 €
274	36021	Gondomar	83.849 €	39.549 €	44.300 €
275	36022	Grove, O	55.720 €	26.281 €	29.439 €
276	36023	Guarda, A	56.352 €	26.579 €	29.773 €
278	36024	Lalín	168.538 €	79.493 €	89.045 €
279	36025	Lama, A	84.511 €	39.861 €	44.650 €
280	36026	Marín	62.828 €	29.634 €	33.194 €
281	36027	Meaño	59.985 €	28.293 €	31.692 €
282	36028	Meis	89.397 €	42.165 €	47.232 €

283	36029	Moaña	83.338 €	39.307 €	44.031 €
284	36030	Mondariz	67.703 €	31.933 €	35.770 €
285	36031	Mondariz-Balneario	38.908 €	18.351 €	20.557 €
286	36032	Moraña	62.354 €	29.410 €	32.944 €
287	36033	Mos	69.809 €	32.926 €	36.883 €
288	36034	Neves, As	89.465 €	42.197 €	47.268 €
289	36035	Nigrán	65.671 €	30.975 €	34.696 €
290	36036	Oia	61.736 €	29.119 €	32.617 €
291	36037	Pazos de Borbén	55.246 €	26.058 €	29.188 €
296	36038	Pontevedra	103.816 €	48.966 €	54.850 €
297	36039	Porriño, O	83.932 €	39.588 €	44.344 €
298	36040	Portas	65.948 €	31.105 €	34.843 €
292	36041	Poio	61.090 €	28.814 €	32.276 €
294	36042	Ponteareas	105.168 €	49.604 €	55.564 €
293	36043	Ponte Caldeas	62.964 €	29.698 €	33.266 €
295	36044	Pontecesures	52.719 €	24.866 €	27.853 €
299	36045	Redondela	64.368 €	30.360 €	34.008 €
300	36046	Ribadumia	61.736 €	29.119 €	32.617 €
301	36047	Rodeiro	110.134 €	51.946 €	58.188 €
302	36048	Rosal, O	57.931 €	27.324 €	30.607 €
303	36049	Salceda de Caselas	71.717 €	33.826 €	37.891 €
304	36050	Salvaterra de Miño	91.395 €	43.108 €	48.287 €
305	36051	Sanxenxo	69.146 €	32.614 €	36.532 €
306	36052	Silleda	134.201 €	63.298 €	70.903 €
307	36053	Soutomaior	53.351 €	25.164 €	28.187 €
308	36054	Tomíño	87.793 €	41.409 €	46.384 €
309	36055	Tui	83.498 €	39.383 €	44.115 €
310	36056	Valga	59.827 €	28.218 €	31.609 €
311	36057	Vigo	120.033 €	56.615 €	63.418 €
313	36058	Vilaboa	73.537 €	34.685 €	38.852 €
312	36059	Vila de Cruces	108.954 €	51.390 €	57.564 €
314	36060	Vilagarcía de Arousa	64.407 €	30.378 €	34.029 €
315	36061	Vilanova de Arousa	60.616 €	28.590 €	32.026 €
277	36901	Illa de Arousa, A	52.877 €	24.940 €	27.937 €

Previsión orzamentaria

Para a execución desta actuación, Agader prevé asignar un importe, con cargo a submedida 321.32 do PDR de Galicia 2007-2013, aplicación orzamentaria 12.A1.712A.7600, de 25.501.962,12 €, para executar en dúas anualidades: 12.028.344,65 € no exercicio 2014 e 13.473.617,47 € no exercicio 2015.

O gasto público elixible no marco do PDR (25.501.962,12 €) ten unha taxa de cofinanciamento FEADER do 75 %.

A desagregación do orzamento da actuación por fontes financeiras é a seguinte:

ACTUACIÓN	GPT	FEADER (75%)	COFINANCIACION AXE (12,13%)	COFINANCIACIÓN XUNTA (12,87)
TOTAL	26.501.962,12	19.126.471,59	3.093.388,01	3.282.102,52

Indicadores

Os indicadores de seguimento das actuacións referiranse tanto a novas infraestruturas como a infraestruturas existentes melloradas.

Consideraranse tanto o número de camiños nos que se actúa, como os Km totais construídos ou mellorados de acordo coa tipoloxía establecida:

ACTUACIÓN	PREVISIÓN
Nº de camiños construídos ou mellorados	1000
Km de camiños construídos ou mellorados	1700

Revisión e seguimento

O seguimento da execución das actuacións levarase a cabo a través das Comisións de seguimento integradas polos alcaldes ou alcaldesas en representación dos concellos e o director xeral de Agader, e será o órgano de supervisión da efectiva realización e cumprimento dos investimentos obxecto do proxecto.

Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>
- b) No teléfono 981 547 382.
- c) Presencialmente, previa cita no teléfono 981 547 382.